



CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE DUN PEÓN CONDUCTOR CON CARÁCTER TEMPORAL EN BASE O PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2026 A TRAVÉS DO PROGRAMA “REFORZO DO EMPREGO” COMO FUNCIONARIO INTERINO.

PRIMEIRA.- OBXECTO.- E obxecto da presente convocatoria a selección de 1 peón conductor para prestar servizos no concello de Riotorto en base ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2026 a través do Programa Reforzo do Emprego como funcionario interino.

SEGUNDA.- CONTRATO.- Coa persoa seleccionada formalizarase un contrato de conformidade coa lexislación vixente (funcionario interino), un peón conductor dende o 01 de outubro 2026 ata o 30 de setembro de 2027. O traballo será a xornada completa de luns a domingo.

TERCEIRA.- REQUISITOS.-

- o Estar en de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.
- o O peón conductor que inicia o contrato o 01 de outubro de 2026 deberá estar inscrito no SEPE antes do 19 de setembro de 2026.
- o Estar en posesión do Certificado de Estudos Primarios ou equivalente.
- o Ser español ou nacional dun dos Estados da Unión Europea ou nacional de calquera dos Estados ós que lles sexa aplicable o dereito á libre circulación de traballo.
- o Non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida o normal desempeño do posto de traballo.
- o Non ter sido separado do servizo de calquera Administración Pública mediante expediente disciplinario ou sentenza firme.
- o Ter cumpridos os dezoito anos de idade
- o Estar en posesión do permiso de conducir clase C1.

CUARTA.- SELECCIÓN.- Tramitarase oferta ao SEPE, e unha vez remitidos os candidatos a este Concello, procederase a realizar a selección que será por concurso-oposición, co seguinte baremo.

Fase de Concurso

- Por experiencia profesional acreditada en traballos relacionados cos postos de traballo (Peón conductor) en calquera Administración Pública ou na Empresa privada, 0,045 puntos por cada mes de contrato ata un máximo de 1,50 puntos. Acreditarase mediante copia de contratos de traballo. A puntuación máxima deste apartado será de 1,50 puntos.
- Por estar en posesión de cursos relacionados co traballo a desenrolar, 0,25 puntos por cada curso que deberá ter cada un unha duración mínima de 5 horas. A puntuación máxima deste apartado será de 1,50 puntos.

Fase de Oposición

- Proba teórica tipo test con 10 preguntas sobre os traballos a realizar. A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos. Cada resposta correcta valerá 0,5 e cada incorrecta descontará 0,25.

Praza das Rodrigues nº 1, 27744 Riotorto, Teléfono: 982346222 E-mail:
concelloderiotorto@infonegocio.com





CONCELLO DE RIOTORTO (LUGO)

CIF: P2705400 F

- Proba práctica para comprobar o manexo do vehículo que se vai utilizar. Valoraranse os sistemas de seguridade empregados e a destreza. A Puntuación máxima deste apartado será de 2 puntos.

A puntuación final virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e de oposición.

En caso de empate, realizarase outra proba práctica escollida polo Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CALIFICADOR.- O tribunal cualificador estará integrado polas seguintes persoas:

-Presidente: D^a. Marta Lodeiro Vilar, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Riotorto.

-Vocal: D. José Antonio Uz Cortón, Funcionario do Concello de Riotorto.

-Secretario: D. Noelia Seco López, Traballadora Social do Concello de Riotorto.

O Tribunal queda autorizado para resolver cantas cuestións e dúbidas se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo orde da selección.

SEXTA. CONTRATACIÓN E SUBSTITUCIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Os candidatos seleccionados deberán presentar antes da súa contratación un certificado médico de aptitude para o traballo que vai desenrolar.

En caso de causar baixa durante o período do contrato, renunciar o posto de traballo ou non presentar a documentación requirida, nomearase para o posto de traballo o seguinte da lista, de acordo coa acta de selección.

SETIMA. RECURSOS.

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Riotorto, 24 de agosto de 2026.

O Alcalde,

Asdo: Clemente Iglesias González

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

